



II CONGRESO XÉNERO, MUSEOS, ARTE E MIGRACIÓN

6-7-8 marzo 2015 – Rede Museística Provincial de Lugo

Nos días 11,12 e 13 de outubro de 2013 realizouse, no marco da Rede Museística Provincial o **I Congreso Xénero, Museos e Arte**. O rotundo éxito acadado, con acreditacións e comunicacións, o amplo seguimento a través das redes sociais, pero sobre todo o convencemento no labor de compromiso social que a Rede Museística vén desenvolvendo, impúlsannos a levar a cabo este segundo congreso, no que se engade, como pilar necesario, a Migración.

Tras comezar coa exposición na pasada edición, dos estudos de xénero, estimulados polo movemento feminista, moi activo desde o último terzo do século XX, nesta ocasión propoñemos liñas de traballo en torno á presenza da muller nos museos e coleccións, dirixindo e participando de proxectos artísticos, así como afondando nos aspectos de xénero que aparecen nas migracións e a súa interculturalidade.

Con estes bloques como vías a percorrer, este Congreso proxéctase cun carácter activo e contemporáneo, onde poñente e participante se sitúan na mesma plataforma e contribúen nos contidos dos eixos de diálogo de cada bloque.

No primeira sesión, **Xénero e Museos**, comezaremos analizando de que maneira está presente a muller nas coleccións de arte galegas e estatais, o seu papel na universidade, e o compromiso de ser institucións para todos e todas.

A muller artista é protagonista na segunda sesión, **Xénero e Arte**, onde se porá de manifesto a capacidade de difusión do seu traballo a través do Festival **Miradas de Mulleres**. Será interesante coñecer de que forma se salvan ás dificultades que ofrece o mercado da arte e cómo a experiencia artística amosa a pegada do pensamento feminista.

E por último, en **Xénero e Migración**, falaremos da muller migrante, que características culturais leva consigo, os programas de integración e de transmisión cultural, e contaremos co relato das propias protagonistas.

Este Congreso ten o espírito de derrubar barreiras. Primeiro, resgando a liña que separa conferenciante/asistente, a través de exposicións dinámicas e dialogadas. Segundo, fomentamos unha participación máis directa, utilizando as TIC e os audiovisuais para que todo estudo, comunicación, reflexións de todos aqueles interesados nestas liñas de traballo, poidan estar presentes na propia voz dos seus autores, non importa onde se atopen.

Por último, destacar que é unha realidade para toda administración pública a obriga de manifestar e promover políticas de igualdade entre homes e mulleres. Este seminario quere apuntalar esta liña de actuación desde unha perspectiva integradora, facéndoo nun espazo aberto á exposición de experiencias e modelos arredor do xénero nos eidos artístico, educativo e social.

O II Congreso de Xénero, Museos, Arte e Migración celebrarase en Lugo e no marco dos Museos da Rede Museística Provincial de Lugo (Galicia, España) os días **6, 7 e 8 de marzo de 2015**.

Cada bloque temático organízase en diálogos abertos tal e como se expoñen no programa.

ORGANIZACIÓN E ENTIDADES COLABORADORAS

Este Congreso está organizado pola Rede Museística Provincial de Lugo e conta coa colaboración de distintas institucións museísticas de calado como ICOM España, Museo de León, Profesionales de la Museología Social Española, Museo Maritim de Barcelona, Museo de Arte Contemporánea de León (MUSAC), Fundación Jiménez-Arellano da Universidade de Valladolid, Museo Thyssen-Bornemisza, Museo Arqueolóxico de Cacabelos; así como plataformas de investigación, exhibición e difusión como o Observatorio de educación patrimonial en España, Festival Miradas de Mujeres, Píkara Magazine, Isköö espazo multidisciplinar, Mujeres de las Artes Visuales (MAV) e o Observatorio da Mariña pola Igualdade.

Conta, igualmente, co patrocinio científico das Universidades de Zaragoza co Máster en Museos: Educación e Comunicación, Valladolid, Santiago de Compostela, A Coruña, Vigo, Universidade Complutense e Universidade Autónoma de Madrid.

O Museo Provincial de Lugo **encargarase das inscricións e certificados de asistencia**.

ESTRUTURA E TEMÁTICA

O Congreso está estruturado en tres bloques temáticos: Xénero e Museos, Xénero e Arte e Xénero e Migración. Cada día do congreso corresponde un destes bloques.

1.º BLOQUE: XÉNERO E MUSEOS

Neste apartado afondaremos na presenza da muller desde en museos e coleccións de arte, tanto en Galicia como en España, en institucións públicas e privadas. Será

interesante reflexionar sobre a forma na que a cuestión de xénero está presente no deseño dos seus programas e proxectos. Amosaremos modelos de actuación para xestionar con e para todos e todas, dunha maneira responsable e comprometida coa sociedade. Non podemos deixar de lado, neste bloque o que a Universidade pode ofrecernos, desde os seus estudos de xénero e cos seus exemplos de planeamento cultural dirixido por mulleres.

2.º BLOQUE: XÉNERO E ARTE

Esta segunda sesión versará sobre a posición que a muller artista afronta no mercado da arte, cales son as ferramentas que utiliza para superar as barreiras de xénero, e cómo se saca o veo da invisibilidade e da indefinición que a propia realidade lle impón. Amosaremos cómo o traballo do **Festival Miradas de Mulleres** impulsou a exhibición da representación artística en feminino, e compartiremos os proxectos de diversas artistas plásticas que xiran en torno a cuestión de xénero .

3.º BLOQUE: XÉNERO E MIGRACIÓN

Facemos neste terceiro bloque unha ampliación sobre o congreso anterior. Incluímos a migración como tema transcendente para falar de xénero como unha realidade social patente nas nosas comunidades. E falamos de migración como representación tanto das que chegan e como das que saen. Neste punto navegaremos polas circunstancias que marcan a integración, polos proxectos que traballan coa interculturalidade, e como a muller é transmisora da identidade cultural da súa orixe ao tempo que recolle esta do territorio de acollida

COMUNICACIÓNS

Pódense enviar **vídeo-comunicacións** que acompañen estes debates, realizando gravacións en vídeo que non superen os 5 min.

INCRICIÓNS

Para inscribirse ao Congreso (50 prazas) debe completar o formulario no apartado correspondente.

PROGRAMA

»**Venres 6.marzo. Museo Provincial de Lugo**

16.00h: Presentación do Congreso

Mario Outeiro (Delegado da Área de Cultura da Deputación de Lugo)

Encarna Lago (Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo e coordinadora do Congreso)

Aurelia Balseiro(Directora do Museo Provincial de Lugo)

Juan G. Sandoval e Pilar Sánchez Monje (Documentación e coordinación do Congreso)

#BLOQUE I: XÉNERO E MUSEOS

16:30 – 18:30 DIÁLOGOS

Diálogo 1 - “Análise contextual da presenza da muller nos museos e coleccións de arte”

Diálogo 2 - “Xénero e xestión. A muller na universidade e na súa xestión cultural”

18:30 – 20:00 DEBATE

COORDINACIÓN E DOCUMENTACIÓN

Encarna Lago (Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo)

Juan García Sandoval (Investigador accesibilidade social e xénero. Conservador de Museos da CARM e ex-Director do Museo de Belas Artes de Murcia)

Pilar Sánchez Monje (Coordinadora do Congreso. Máster en Servizos Culturais USC. Produtora e comunicadora cultural)

PARTICIPAN

Nuria Rivero (Xerente de ICOM España)

Teresa Soldevila (Responsable área de Responsabilidade Social do Museu Marítim de Barcelona)

Amelia Aguado (Directora do Centro Buendía da UVA e directora da Fundación Arellano-Alonso de Valladolid)

Ana Moreno (Xefa Área de Educación do Museo Thyssen-Bornemisza)

Araceli Corbo (Responsable de documentación del MUSAC)

Olaia Fontal (Dra. en Ciencias da Educación. Investigadora principal do “Observatorio de educación patrimonial en España”)

Chus Martínez Domínguez (Crítica de arte no suplemento Babelia do xornal *El País* e comisaria de exposicións)

Carmen Delia Gregorio Navarro (Investigadora de Xénero. Educadora en museos, Universidade de Zaragoza. Máster en Xénero e Diversidade, Universidade de Oviedo)

Mercedes Rosón (Subdirectora da Área de Cultura da USC)

Victoria Falcó (Borseira do Máster en Hª da Fotografía en Leicester (Gran Bretaña). Mediadora Cultural e Máster en Museos. Universidade de Zaragoza)

Mª Ángeles Querol (Catedrática de Prehistoria. Coordinadora do clúster de Patrimonio para a Universidade Complutense de Madrid.)

Josefina Cerviño (Catedrática de Historia del Arte. Universidade da Coruña)

»**Sábado 7.marzo. Museo Pazo de Tor (Monforte de Lemos)**

#BLOQUE II: XÉNERO E ARTE

09:30 – 12:30 DIÁLOGOS

Diálogo 1 - “Festival Miradas de Mulleres”

Diálogo 2 - “Proxectos artísticos *contedores de feminismos*”

Diálogo 3 - “Muller artista e o mercado da Arte”

12:30 – 14:00 DEBATE

COORDINACIÓN E DOCUMENTACIÓN

Encarna Lago (Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo)

Juan García Sandoval (Investigador accesibilidade social e xénero. Conservador de Museos da CARM e ex-Director do Museo de Belas Artes de Murcia)

Paula Cabaleiro (Xestora cultural. Directora de Directora Festival Miradas Mulleres 2014 en Galicia)

Pilar Sánchez Monje (Coordinadora do congreso. Máster en Servizos Culturais USC. Produtora e comunicadora cultural)

PARTICIPAN

Marián López Fernández-Cao (doutora en Belas Artes, profesora titular da Universidade Complutense de Madrid e presidenta de *MAV - Mujeres en las Artes Visuales*)

Silvia Blanco (Directora do Museo Arqueolóxico de Cacabelos)

Mar Caldas (Docente da Facultade de Belas Artes da UVigo, artista visual e comisaria. Foi coordinadora da Sala X)

Cristina Fernández Lamela (responsable de Iskõ, espazo multidisciplinar)

Carme Nogueira (Artista visual. Investigadora en temas de identidade e de espazo doméstico)

Mónica Alonso (Artista plástica, Doutora en Belas Artes)

Gema López (Artista plástica. Máster en Arte Contemporáneo)

Bárbara G. Vilariño (Asesora de comunicación, xornalista cultural e con visión de xénero. *Píkara* magazine)

Renata Otero (Artista multidisciplinar e investigadora en feminismos. Doutora cum laude de Historia da Arte.)

16:30 – 19:00 Visita ás contornas do Museo (NECESARIA INSCRICIÓN PREVIA)

»Domingo 8.marzo. Museo Provincial do Mar de San Cibrao (Cervo)

#BLOQUE III: XÉNERO E MIGRACIÓN

09:30 – 12:00 DIÁLOGOS

Diálogo 1 – “Migracións en perspectiva de xénero. O rol da muller no exilio”

Diálogo 2 - “Migración e integración. Programas dentro e fóra das institucións”

Diálogo 3 - “Relato de identidades: culturas propias e alleas. Interculturalidades”

12:00 – 13:30 DEBATE

COORDINACIÓN E DOCUMENTACIÓN

Encarna Lago (Xerente da Rede Museística Provincial de Lugo)

Juan García Sandoval (Investigador accesibilidade social e xénero. Conservador de Museos da CARM e ex-Director do Museo de Belas Artes de Murcia)

Silvia Fiallega (Técnica de dinamización comunitaria. DEA en Historia Contemporánea e Historia de América. Educadora en Museos. Comisaria e xestora cultural)

Pilar Sánchez Monje (Coordinadora do congreso. Máster en Servizos Culturais USC. Produtora e comunicadora cultural)

PARTICIPAN

Ángeles Carnacea Cruz (Licenciada en CC. Políticas e Socioloxía **Antropóloga Social, xestora cultural, mediadora Intercultural e doutoranda en Antropoloxía Social.** Forma parte del Laboratorio da diversidade do Museo Thyssen-Bornemisza)

M^a Antonia Pérez Rodríguez (Profesora titular de Humanidades da Universidade da Coruña. Investigadora na recuperación de textos escritos e o exilio entre outros ámbitos)

Margarita Ledo (Catedrática de comunicación audiovisual da USC, periodista, escritora, académica numeraria da RAG, cineasta, é responsable do guión e da dirección de “A cicatriz branca” (2012))

Luzía Oca (Doutora en Antropoloxía Aplicada, responsable do proxecto BogAvante de empoderamento do colectivo caboverdiano, autora da tese

“Caboverdianas en Burela (1978/2008): migración, relación de xénero e intervención social”(2014))

Milagros Castro (Licenciada en Historia, Bolseira da Escola de Estudos Hispanoamericanos (CSIC-Sevilla), Doutoranda en Historia Contemporánea e de América coa tese: "A emigración en A Estrada e Terra de Montes 1576 - 1939", na USC)

Iria Vázquez Silva (Formadora e asesora en temas de xénero, colabora con proxectos de investigación no campo da socioloxía nas universidades de Vigo, A Coruña e Rovira i Virgili. Autora da tese *“La inmigración senegalesa en Galicia: las redes transnacionales”*)

Mery País Domínguez (Artista multidisciplinar, con proxectos artísticos sobre muller realizados en Tetuán (“El Paraíso de Lilith”, “Medina, tela, cobre”), onde estidiou Belas Artes)

Amal Ait Mohand (Muller marroquí de Lugo. Migración e xénero)

M^a del Carmen Amingorena Tejeiro (Muller cubana da Mariña. Migración e xénero)

Alina Pena Labrada (Muller cubana da Mariña. Migración e xénero)

Rocío Fernández (Rapaza arxentina da Mariña. Migración e xénero)

13.30h: Conclusións do Congreso

16:30 – 19:00 Visita ás contornas do Museo (NECESARIA INSCRIPCIÓN PREVIA)

ORGANIZACIÓN

Comité organizador e coordinación xeral do Congreso

Encarna Lago

Juan García Sandoval

Pilar Sánchez Monje

Paula Cabaleiro

Persoal da Rede Museística Provincial de Lugo

Comité Científico

Carmen Delia Gregorio Navarro

Luis A. Grau

Teresa Soldevila

Amelia Aguado

Araceli Corbo

Ana Moreno

Victoria Falcó

Almudena Domínguez

Nuria Rivero

Olaia Fontal

Chus Martínez Domínguez

Mercedes Rosón

M^a Ángeles Querol

Josefina Cerviño

Marián López Fernández-Cao

Silvia Blanco
Cristina Fernández Lamela
Carme Nogueira
Mónica Alonso
Gema López
Bárbara G. Vilariño
Renata Otero
Mar Caldas

Silvia Fiallega Lorenzo
Ángeles Carnacea Cruz
M^a Antonia Pérez Rodríguez
Margarita Ledo
Luzía Oca
Milagros Castro
Iria Vázquez Silva
Mery País Domínguez
Amal Ait Mohand
M^a del Carmen Amingorena Tejeiro
Alina Pena Labrada
Rocío Fernández
Observatorio da Mariña pola Igualdade

Redes sociais

Facebook <https://www.facebook.com/generomuseosyarte>

Twitter <https://twitter.com/XeneroMuseos>

Youtube <https://www.youtube.com/channel/UCvG2WJ6yIX9npjUPAGtKLLQ>

©Rede Museística da Deputación de Lugo (Museo Provincial de Lugo)

Praza da soidade S/n – 270001 Lugo

xaerencia-redemuseos@deputacionlugo.org / comunicacion.congresogmam@gmail.com

Tfno.: 982 242112